



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Técnicas de documentación gráfica dos bens arqueolóxicos I

Departamento: Técnicas de documentación dos bens culturais

Formación básica

Curso: 3º Arqueoloxía

1º Cuadrimestre

2 ECTS

Teórico-práctica

Profesora: Ángela López García

alg@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Aplicación das técnicas fotográficas específicas para a documentación e diagnose dos materiais arqueolóxicos.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X4	Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.
X9	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.

X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ARQUEOLOXÍA	
EA4	Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación e restauración dos bens arqueolóxicos, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
EA10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA	
Acadar a habilidade necesaria para o uso de ferramentas dispoñibles na aula para a correcta execución de fotografías de pezas existentes no taller de conservación.	
Acadar a capacidade para decidir as ferramentas, técnicas e recursos necesarios para unha correcta documentación.	
Acadar os coñecementos e práctica na captura e tratamento de imaxes relacionados co rexistro e a documentación, no manexo de programas de revelado de imaxes dixitais.	

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidades	Subtemas	% da materia
1. O entorno de traballo. Axustes xerais.	1.1. Calibración e creación do perfil de monitor. Axustes iniciais.	20%
2. Fotografía técnico-científica aplicada aos bens culturais arqueolóxicos.	2.1 Técnicas fotográficas específicas: 2.1.1 Fotografía UV 2.1.2 Fotografía IR 2.1.3 Fotografía con luz polarizada	20%
3. Técnicas dixitais aplicadas aos bens culturais arqueolóxicos.	3.1 Panorámicas 3.2 HDR 3.3 Profundidade de campo estendida 3.4. Análise dixital de imaxes: DSTRETCH	20%
4. Organización das imaxes. Método de traballo.	4.1 Descarga e organización das imaxes. Caixa de luz dixital.	20%

	<p>4.2 Metadatos. Propiedades do arquivo. Datos EXIF. Datos IPTC. Metadatos adicionais.</p> <p>4.3 Explorador de imaxes. Selección e clasificación das imaxes.</p>	
5. Técnicas de procesado das imaxes. Axustes e tratamento da imaxe. Axustes previos á saída.	<p>5.1 Axustes en Raw. Negativo dixital.</p> <p>5.2 Revelado das imaxes. Fluxo de traballo.</p> <p>5.3 Saída das imaxes.</p>	20%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	18		18
Traballo autónomo		14	14
Traballos prácticos tutelados	18		18
Total	36	14	50

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos ou exercicios propostos.</p> <p>Coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que deseñar as prácticas individuais e outras, utilizando as sesións maxistrais e outras ferramentas aportadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio de documentación escrita e audiovisual - Literatura científica - Tutorías didácticas
Traballo autónomo	<p>Resolución de problemas e exercicios de forma autónoma: actividade na que se formulan exercicios de documentación relacionados coa materia onde o alumnado debe desenvolver a análise e resolución dos mesmos.</p>
Traballos tutelados e prácticas	<p>Actividades de aplicación dos coñecementos teóricos e de adquisición das habilidades básicas.</p> <p>Resolución de problemas e exercicios.</p> <p>Actividades nas que se formulan problemas a partir dos cales o alumno debe desenvolver o análise e a resolución dos exercicios.</p> <p>Realización dun traballo individual onde o alumnado terá que levar a cabo diversas propostas de documentación fotográfica.</p>



SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Traballos prácticos	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade: rigor técnico no traballo. • Grao de aplicación de conceptos teóricos • Corrección no desenvolvemento do exercicio. • Cumprimento prazos de entrega. 	50%
Prácticas. Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula-taller	<ul style="list-style-type: none"> • Asistencia a clase • Interese e participación activa en debates e prácticas propostas • Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos • Calidade no traballo • Responsabilidade no traballo • Capacidade de organización • Cumprimento prazos de entrega. • Traballos tutelados e prácticas: aplicación dos coñecementos adquiridos, corrección no desenvolvemento do exercicio, calidade e rigor técnico no traballo. 	50%
Total		100 %
<p align="center">OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dado o carácter práctico da materia, a asistencia é necesariamente obrigatoria. • A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación. • Avaliarase así, de forma continuada, o progreso no proceso de aprendizaxe, incluíndo este proceso todos os resultados acadados no traballo de clase (realización de todas as prácticas, exercicios ou traballos dentro do calendario e prazos estipulados), e nos traballos propostos ao longo do curso. • O alumnado que acumule un número de faltas non xustificadas superior ao 20% do total, ou que non teñan entregado no prazo estipulado os traballos requiridos terán una cualificación de <i>suspense</i> e deberán presentarse á avaliación ordinaria. • Nos casos de cualificacións “non presentado” ou “suspense”, na convocatoria ordinaria, se realizará un exame final que servirá de recuperación parcial/total segundo as partes non superadas. • Na avaliación ordinaria, o alumnado terá que realizar unha proba escrita e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia. • A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, ademais das prácticas 		



indicadas durante o curso. Para a presentación á proba será necesario ter presentado todos os traballos e prácticas realizados durante o curso e estas deberanse realizar durante o período de clases contemplado no calendario escolar.

- O alumnado que non a superaran a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.
- De cara á avaliación extraordinaria, o alumno terá que realizar unha proba escrita e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.
- A avaliación extraordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, ademais das prácticas indicadas durante o curso. Para a presentación á proba será necesario ter presentado todos os traballos e prácticas realizados durante o curso e estas deberanse realizar durante o período de clases contemplado no calendario escolar.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceranse titorías ó alumnado durante todo o curso. As titorías poderán ser presenciais no despacho da profesora, ou en sesión telemática a distancia.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Gulbins, J., Steinmueller, U. Flujo de trabajo en el posprocesado digital. Ed. Omega, Barcelona 2012
- Mellado, Jose María. Fotografía de alta calidad. Editorial Artual, Barcelona 2010
- Rodríguez, H. Imagen digital. Conceptos básicos. Colección bit&pixel. Ed. Marcombo, Barcelona, 2009
- Rodríguez, H. Captura digital y revelado de Raw. Colección bit&pixel. Ed. Marcombo, Barcelona, 2011
- Traditional photographic effects with adobe photoshop. Buffalo, New York: Amherst Media, 2002.